

## Carta da Galiza

Margarita Ledo Andión  
Xosé López García  
(AGACOM)

A paisaxe múltipla na que se desenvolven os diferentes sistemas públicos de comunicación do espazo lusófono constitúe a cerna do Anuário 2012 que, para alén desta temática alargada e plural canto a ollares, aspectos e obxectos a analizar, aprofunda no debate a redor de cuestións relativas a lingua e comunicación, a cibercultura e, nesta ocasión, a medios e integración.

Pensarmos a lusofonía como proxecto material e intelectual de comunicación, como lugar para a posta en relación do coñecemento e como territorio de propostas concretas, lévanos cara a un escenario, o da mundialización só directrices neoliberais, onde é ben doado perder pé cando se fala da expresión, a información e a comunicación, e dos medios públicos como peza basilar deste dereito cidadá.

Concentración da propiedade e hiperfragmentación das audiencias; políticas de comunicación, a calidade da súa regulación e as estruturas da gobernanza e xestión das respectivas empresas públicas de radiodifusión dos países lusófonos; o contexto histórico e a complexidade do proceso que culmina coa creación, en 2007, da Empresa Brasil de Comunicação; as distintas e confrontadas posicións a propósito da necesidade da existencia dos medios públicos e da súa función en momentos de crise... as entradas e os casos de estudo que ofrece esta edición do Anuário Internacional de Comunicación Lusófona, da publicidade ate a ética pasando polo rol que desenvolveron radio e tv na normalización do uso da lingua galega, quereríamos que fosen unha contribución cabal para coñecermos a importancia e as ameazas que atinxen os medios públicos de comunicación e, se cadra, tomar posición.

Avaliar situacións tan diversas como a galega, a brasileira ou a portuguesa, so o prisma da historia, da política e, singularmente, da cooperación educativa e científica como posibilidade e como necesidade, convidanos a ir máis alá da eterna liña de sombra e en facéndoo, contribuír para unha mudanza das mentalidades a prol do recoñecemento deste próximo-lonxano, das nacións e comunidades que conforman a lusofonía, como diversidade en acto.

A pronta resposta á chamada de traballos lanzada por AGACOM, responsábel xunto coa LUSOCOM do presente número, indícanos que esta comunidade imaxinada, a da lusofonía, éo, cada vez máis, por partillar mensaxes e rituais, por manifestarse a través de bens de cultura e comunicación. Que os ventos lle sexan propícios.